

## XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

**Expediente: 1/2023**

**PRESIDENTE:**

M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal

**VOGAIS:**

Manuel González Fernández  
Josefina Pereira de la Riera  
Inmaculada Mourín González

**SECRETARIA:**

Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día **4 de xuño de 2024**, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, reunido e constituído polas persoas que á marxe se relacionan, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número **1/2023** para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **POL**, no concello de **BARALLA**, iniciado por acordo do xurado do 9.10.2023, do que é instrutora Lucía Belver Quiroga, e resultando os seguintes:

### ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Na sesión do 9.10.2023 iniciouse o procedemento, correspondente ao expediente **1/2023**, a instancia de Ángel Rodríguez Barcela, veciño da parroquia de Pol. Na mesma sesión designouse como instrutora a Lucía Belver Quiroga, que acepta o cargo.

SEGUNDO.- O 27.11.2023 solicitóuselle ao Rexistro da Propiedade de Sarria-Becerreá o seguinte:

- Certificación dos asentos que poidan afectar aos terreos obxecto de clasificación, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

TERCEIRO.- O día 14.12.2023 a rexistradora do Rexistro da Propiedade de Sarria-Becerreá, en resposta á solicitude anterior, comunicou unha certificación na que fai constar que as parcelas catastrais obxecto de clasificación non figuran inscritas no rexistro.



CUARTO.- O día 23.11.2023, o Servizo de Montes emitiu unha certificación que acredita que o monte **Pol** non figura incluído no Catálogo de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

QUINTO.- O día 15.1.2024 comunicóuselle a tramitación do expediente ao solicitante, con indicación do prazo para presentar alegacións.

SEXTO.- O día 15.1.2024 envióuselle unha comunicación ao **Concello de Baralla** da iniciación do expediente e remíteselle un edicto, con indicación do prazo de alegacións, para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello e nos lugares de costume da parroquia onde radica a comunidade.

SÉTIMO.- O día 15.1.2024 comunicóuselle a tramitación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con indicación do prazo para presentar alegacións.

OITAVO.- O día 15.1.2024, comunicóuselle á Xerencia Territorial do Catastro a iniciación do expediente coa identificación das referencias catastrais obxecto da clasificación.

NOVENO.- O día 15.1.2024 comunicóuselle a tramitación do expediente e o prazo para presentar alegacións ao **Rexistro da Propiedade de Sarria-Becerreá**, e solicitouse a anotación preventiva dos terreos obxecto de clasificación.

DÉCIMO.- O día 26.1.2024 publicouse no **DOG** o anuncio mediante o que se fixo público o inicio do expediente de clasificación do MVMC de **POL** así como a apertura do prazo para presentar alegacións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- O día 16.4.2024 enviouse ao concello de Baralla unha notificación, dirixida ao alcalde pedáneo de Pol, relativa ao **dereito de elección de dúas persoas** que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado, na que se estude o expediente clasificación.

DÉCIMO SEGUNDO.- Non houbo alegacións durante a tramitación do procedemento.

## FUNDAMENTO DE DEREITO

PRIMEIRO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia está atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

SEGUNDO.- De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, ou seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.



TERCEIRO.- Examinada a documentación do presente expediente, e posto que non constan alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común **RESOLVE:**

**Clasificar** como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

- Nome: Pol
- Pertenza: Veciños da parroquia de Santa María de Pol
- Parroquia: Santa María de Pol
- Concello: Baralla
- Superficie: 17,45 hectáreas

Na seguinte táboa indícanse as referencias catastrais das parcelas obxecto de clasificación, así como das parcelas estremeiras:

Parcelas de clasificación	Lindeiros	Parcelas estremeiras
27036A108006610000SW (parcialmente) e 27036A109006290000SZ	Norte	27036A10800662 27036A10800660
	Leste	27036A10809033 (camiño) 27036A10809032 (camiño) 27036A10900605 27036A10909018 (camiño)
	Sur	27036A10900250 27036A10900317
	Oeste	27036A10909009 (camiño) 27036A10800661

Lugo, 4 de xuño de 2024

Os membros do xurado

640000

640500

641000

641500

642000

4747000

4747000

4746500


4746500

4746000

4746000

4745500

4745500



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
Departamento Territorial de Lugo  
Servizo de Montes

Plano de Carpeta: Baralla\_2021\_41  
Proposta de clasificación do monte veciñal en man común de Pol pertencente aos veciños de Santa Mariña de Pol (Baralla).

Monte: Pol  
Pertenza Veciños de Santa mariña de Pol  
Superficie proposta 17,45 Ha  
Municipio: Baralla

Escala: 1:6.000

Plano 2. Proposta do monte solicitado sen solapes co mvmc de Francos

Visto e prace  
O xefe de Servizo de Montes

O xefe de área

Coordenadas UTM\_Sist. Ref.: ETRS89

Monte\_proposto  
mvmc Francos

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

640000

640500

641000

641500

642000

Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

